

EDUCACIÓN MUSICAL

OBXECTIVOS XERAIS DE PRIMARIA

- Percibir e comprender as posibilidades do son, o xesto e o movemento expresivo como elementos de representación e utilízalos para expresar ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma en situacións de comunicación e xogo.
- Coñecer, utilizar e controlar a voz e o propio corpo como instrumentos de representación e comunicación musical, así como para mellorar o seu equilibrio afectivo e a relación cos outros.
- Comprender e utilizar os elementos básicos da notación convencional da linguaxe musical como medio de representación, expresión e coñecemento de ideas musicais, tanto propias como alleas.
- Confiar nas creacións artísticas propias, disfrutar coa súa realización e apreciar a súa contribución á autoestima, ó goce e ó benestar persoal.
- Coñecer, respectar e disfrutar das diversas manifestacións artísticas do seu entorno e patrimonio cultural de Galicia co fin de apreciálas e relacionarlas cos seus propios gustos e valoracións.
- Ter coordinación audio-viso-motora da frauta.
- Coidar e ser responsable dos instrumentos da clase e do instrumento propio, e manipulalos con corrección.